

Novo modelo de exame de Lingua galega e literatura (ABAU 2022):

Tal como anunciamos o curso pasado, desde o Grupo de traballo da materia de Lingua galega e literatura, propoñemos un novo modelo de exame, co obxectivo de enfocar dun xeito máis práctico as preguntas relativas aos bloques de “Lingua e sociedade” (bloque 4) e “Educación Literaria” (bloque 5). A previsión era xa poder aplicalo plenamente neste curso 2021-2022, tal como o presentamos en marzo. Porén, seguimos a estar nun curso transitorio, que nos obriga, de momento, a manter un tipo de exame con maior opcionalidade. Por conseguinte, adaptamos o novo modelo á estrutura empregada no curso anterior, cun esquema de 6 preguntas para escoller 4.

Ofrecemos dous exemplos deste tipo de exame, xa coas preguntas dos bloques 4 e 5 modificadas, segundo o novo modelo. Ademais, facilitamos tamén os correspondentes criterios de corrección. Cómpre aclarar que, no caso das preguntas 4 e 5, simplemente propoñemos posibles respostas orientativas. Aínda que fixamos a extensión das respostas en 250 palabras, trátase sempre dunha cifra aproximada, que pode ser superior ou inferior, dependendo da pregunta en concreto, a capacidade de síntese do alumnado, etc.

Ante calquera dúbida, poden poñerse en contacto comigo a través do enderezo de correo electrónico: anaiglesias@uvigo.es

Un cordial saúdo.

Ourense, 21 de setembro de 2021.

Asdo.: Ana Iglesias Álvarez.

Directora do Grupo de traballo da ABAU de Lingua galega e literatura.